

BASES DA CONVOCATORIA PARA O ANO 2025, DA LIÑA 2 DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE OIMBRA: Fomento das festas populares dos pobos promovidas polos veciños, particulares ou polas asociación veciñais.

1. OBXECTO E CUANTÍA DA SUBVENCIÓN.

A financiación, nunha cuantía única de 300 euros, de todas aquelas festas populares que se celebren no ano 2025, nos pobos do Concello, promovidas polos veciños ou asociacións que teñan a súa residencia efectiva nos mesmos.

2. FINANCIACIÓN DA SUBVENCIÓN

Será con cargo a fondos propios do Concello de Oimbra, debidamente consignados no orzamento do ano 2025, aprobado definitivamente o 29/01/25, na partida 338.48, subvencións para a celebración da festa patronal, que organicen veciños particulares ou asociación veciñais ou doutro tipo, pero que teñan a súa residencia oficial no Municipio de Oímbra, dotada inicialmente con 3.000,00 Euros.

3. REQUISITOS PARA PODER PERCIBIR A SUBVENCIÓN

Tratarase de festas patronais que están promovidas polos veciños particulares ou por asociación veciñais ou doutro tipo, pero que teñan a súa residencia oficial no Municipio de Oímbra.

Se un pobo percibe unha subvención para unha festa popular no ano 2025, xa non poderá volver a percibir outra no mesmo ano.

4. RÉXIME DA SUBVENCIÓN

A subvención será concedida sempre que se reúnan os requisitos para poder acceder a ela, non se establece réxime de concorrencia competitiva.

5. PROCEDIMENTO PARA A SOLICITUDE E COBRO DA SUBVENCIÓN.

A persoa responsable da celebración das festas formulará a solicitude que figura como Anexo a estas Bases, adxuntando:

- Fotocopia do D.N.I..
- Declaración responsable e xurada de que se compromete a solicitar todos os permisos que foran necesarios en virtude das actividades previstas nas festas.
- Declaración responsable e xurada, de que cumpre cos requisitos para poder ser beneficiario dunha subvención, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2.007, do 13 de Xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable e xurada de que non ten débedas pendentes ca Axencia Tributaria, nin ca Seguridade Social, nin con ningunha outra Administración Pública.

A xunta de goberno do Concello acordará conceder a subvención sempre que se estime a veracidade da solicitude, e para o pago expedirase un cheque a favor da persoa solicitante.

6. PRAZO PARA PODER SOLICITAR A SUBVENCIÓN.

Esta subvención poderá solicitarse durante todo o ano 2025, a partir da data de publicación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia.

7. NORMATIVA APLICABLE

Para o que non estea previsto nestas bases estarase ao establecido no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Oimbra do ano 2025, así como ao establecido na: Lei estatal 38/2003 do 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións.



ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA AO CONCELLO DE OIMBRA DENTRO DA LIÑA 2 DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS PARA O ANO 2025: Fomento das festas populares dos pobos.

D./Dña.....maior de idade, provisto/a do D.N.I.
num..... con domicilio a efectos de notificaciones en
.....

EXPÓN:

Que é coñecedor da Liña 2 do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Oimbra do ano 2025 así como das Bases da Convocatoria do ano 2025 para a solicitude destas subvencións.

Que cumpre os requisitos para poder acceder a esta liña de axudas para fomentar a celebración das festas populares nos pobos do Municipio de Oimbra, xa que é a persoa responsable da celebración destas festas, que xa están comprometidas e ultimados tódolos preparativos.

Por todo, SOLICITA:

Que lle sexa concedida a axuda prevista na Liña 2, pola cuantía única anual de 300 Euros, para sufragar os costes nos que se vai a incurrir na celebración das festas populares do pobo de que está previsto que se celebren durante os días.....

Para que lle poida ser concedida esta subvención, presenta xunto con este escrito os seguintes documentos:

Fotocopia de seu D.N.I.

Declaración responsable e xurada de que se compromete a solicitar todos os permisos que foran necesarios en virtude das actividades previstas nas festas.

Declaración responsable e xurada, de que cumprecos requisitos para poder ser beneficiario dunha subvención, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2.007, do 13 de Xuño, de subvencións de Galicia.

Declaración responsable e xurada de que non ten débedas pendentes ca Axencia Tributaria, nin coa Seguridade Social, nin con ningunha outra Administración Pública.

Oimbra, a de 2025

ASDO:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE OÍMBRA

